



VIAXE A PARÍS DO 27 - 31 DE MARZO

Estimadas familias:

Recuperando, pouco a pouco, a normalidade, este curso estamos intentando realizar viaxes para o noso alumnado.

A viaxe elixida para o alumnado de 1º BACH. será a París. O prezo da viaxe será aproximadamente de **610€** (pendentes de confirmar o número de alumnado participante) e inclúe todo o que se anexa na descrición da viaxe.

A viaxe está prevista que se leve a cabo do **luns 27 de marzo** ao **venres 31**.

Para participar nesta actividade deberedes ingresar **175 €** como **reserva antes do 9 de novembro** na conta proporcionada pola axencia de viaxes organizadora. A premura neste ingreso é debida a data límite que nos conceden as aerolínea para manter o prezos dos billetes de avión.

BBVA: ES52 0182 4899 1702 0151 6762

Titular: Avoris - B Travel

Concepto: nombre alumno/a (importante en 1º lugar) + **IES Carlos Casares**

Hai que entregar, en vicedirección ou aos titores, unha fotocopia do xustificante de pago e da autorización firmada, indicando tamén se o rapaz ou rapaza vai vender produtos.

Unha vez feita a reserva, o alumnado xa poderá empezar a venda de produtos, se o desexa. Non é obrigatorio.

Os pagos se realizarán en diferentes prazos que xa vos indicaremos.

Para as familias que non puideron asistir á reunión, ou ben imprimides a autorización que figura ao final do documento ou pódena recoller as nenas e nenos o luns na conserxería do centro.

No tocante á oferta de hoteis, son todos céntricos para facilitar as saídas.

En canto as alerxias alimentarias, pedírase unha listaxe e se farán menús adaptados.

Precisarán da autorización que as familias deben pedir na policía por ser menores.

Farase unha reunión antes da excursión para detalles máis concretos e dúbidas.

En canto a venda de produtos, indicarnos que o alumnado disporá de rifas e que a empresa coa que imos traballar é LUICAR. Os pedidos non terán ningún mínimo e os beneficios son íntegros para o alumnado.

Todas as semanas, antes do domingo ás 20:00 h. poderán facer o pedido nun enlace web do que disporán. Poderán pedir os produtos do catálogo que consideren. Neste formulario de pedido xa se lles indicará o prezo polo que compran eles e o prezo mínimo polo que deberían vender, co beneficio.

Os pagos destes pedidos faranse directamente á empresa por transferencia e bizum, sempre a pedido vencido. É dicir, o primeiro pedido pagarase unha vez que o teñan vendido ou fagan o segundo, para non ter que adiantar diñeiro. Os produtos encargados non se devolven.

Estes pedidos chegarán ao centro en caixas individuais identificadas e repartiranse sempre o mesmo día da semana para manter a organización.

Únicamente para o primeiro pedido, pidémosos que o fagan antes do mércores para organizar ben aos provedores.

A venda de produtos comezará cando saibamos o número fixo de alumnado que asiste á excursión, polo que supoñemos será a semana do 21 de novembro.

Se tedes algunha dúbida podedes escribir ao correo do centro ies.carlos.casares@edu.xunta.gal.

Atentamente,

Vigo, a 4 de novembro de 2020

A Vicedirectora

Carmen Rodríguez Roa

Indicade, por favor, na autorización se preferides incluír a opción de ir a Disney, sabendo que esta visita sería no lugar do Versalles e subiría o prezo da excursión uns 65 € aproximadamente, ademais de non incluír a comida dese día.

AUTORIZACIÓN ASISTENCIA Á EXCURSIÓN A PARÍS

A/o abaixo asinante dona/don _____,
con D.N.I. nº _____,
en calidade de nai/pai/titor/a da alumna/o _____,
do curso _____,
autorízoo/a a participar na viaxe a París e autorizo/non autorizo as vendas.

En Vigo a, _____ de novembro de 2022.

Asdo.: _____

vende non vende